



Vilagarcía de Arousa, a 4 de maio de 2018

**D/DONA FRANCO LEIS MANUEL
VILAGARCIA**

En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde, poño no seu coñecemento que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión que tivo lugar o día 23 de abril de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS:

“PRP2018/1659

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos en relación coa entrada en vigor o día 25 de maio de 2018 do Regulamento Comunitario (Parlamento e Consello Europeos) 2016/679, de 27 de abril de 2016 de “Protección de las personas físicas en cuanto al tratamiento y libre circulación de datos personales”.

Á vista do mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Asignar as funcións de Responsable de Seguridade da información ao posto de Inxeñeiro Xefe informática D. Juan Luís Núñez Tourís, asignar a función de Delegado de Protección de Datos ao posto de Técnico de RRHH D. Manuel Franco Leis.

Ditos postos manterán a súa denominación actual e a asignación de funcións reflectirase no catálogo ficha de funcións de cada posto de traballo.

E comunicar dita asignación de funcións a AEPD a todos os efectos oportunos.

Segundo: O Delegado de Protección de Datos e Responsable de Seguridade da información deben proceder á revisión dos ficheiros de datos persoais actualmente dados de alta ante a AEPD, e actualizar o seu contido e estrutura segundo o previsto no Regulamento 2016/679 de 27 de abril de 2016 de “Protección de las personas físicas en cuanto al tratamiento y libre circulación de datos personales”, así como crear un Rexistro de actividades de Tratamento.

Terceiro: O Delegado de Protección de Datos e Responsable de Seguridade da información deben proceder a adecuación da información que se facilita aos interesados que faciliten datos persoais segundo o previsto no regulamento comunitario.

Cuarto: O Delegado de Protección de Datos e Responsable de Seguridade da información deben proceder a engadir os mecanismos para o exercizo de dereitos en materia de protección de datos nos medios electrónicos do Concello de Vilagarcía de Arousa. E para que os interesados podan contactar por medios electrónicos có DPD.”

Coa finalidade de notificarlle a vostede os acordos municipais a través de medios electrónicos, prégase que na documentación que dirixa ao Concello, figure sempre un correo electrónico, aos efectos de indicarlle por parte do Concello a posta a disposición da notificación dos acordos na sede electrónica do Concello. (Artigo 43 Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Ao abeiro do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou, ou ser impugnado directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será de 1 mes, e o prazo para ditar e notificar a resolución do recurso será tamén dun mes.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Así mesmo poderá interpoñerse contra o presente acordo o recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.